



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Asesoría Xurídica Xeral

Informe sobre as instrucións internas de contratación da Fundación Instituto Feiral da Coruña (IFECO)

Santiago, 17 de agosto de 2012.

O XEFE DO GABINETE DE ASESORAMENTO
E APOIO Á NORMALIZACIÓN NOROCCIDENTAL,



Asdo: Manuel Pillado Quintáns.

INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA. FUNDACION IFECO



Informe sobre as instrucións internas de contratación da Fundación Instituto Ferial da Coruña (IFECO)

Á vista do proxecto de instrucións internas de contratación remitidas pola Fundación Instituto Ferial da Coruña (IFECO), cabe manifestar como criterio desta asesoría xurídica o seguinte:

I. Ó noso xuízo, as instrucións axústanse ó disposto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

II. Así mesmo, as instrucións respectan, coas debidas adaptacións, as "Directrices para a contratación das entidades pertencentes ao sector público autonómico de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público" e axústanse ó "Modelo de instrución para a contratación das sociedades mercantís públicas e ás fundacións públicas, poderes adxudicadores, pertencentes ao sector público autonómico de acordo de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público", documentos elaborados pola Dirección Xeral da Asesoría Xurídica.

Polo exposto, esta Asesoría Xurídica informa favorablemente o proxecto de instrucións internas de contratación, por entender que teñen sustento en Dereito e procede á súa devolución ó organo xestor visado e rubricado en tódalas súas follas co fin da súa autenticación documental.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2012

O Letrado da Xunta de Galicia. Xefe do Gabinete
de Asesoramento e Apoio á Actualización normativa



Manuel Palado Quintáns

INDICE

CAPITULO I .- CONSIDERACIÓNS XERAIS.....	4
1.- ANTECEDENTES.....	4
2.- NATUREZA XURÍDICA DA FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA (IFECO).....	5
3.- RÉXIME XURÍDICO EN MATERIA DE CONTRATACIÓN DA FUNDACIÓN	5
4.- OBXECTO E ALCANCE DAS INSTRUCCIÓN DE CONTRATACIÓN	8
5.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	8
6.- CAPACIDAD E SOLVENCIA DO EMPRESARIO	9
7.- GARANTÍAS.....	10
8.- O PERFIL DO CONTRATANTE	10
9.- TIPOLOXÍA DOS CONTRATOS CELEBRADOS POLA FUNDACIÓN	11
10.- RÉXIMES ESPECIAIS	11
11.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN.....	12
12.- ORDEN XURISDICCIONAL COMPETENTE.....	13
CAPÍTULO II.- CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA	13
13.- CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA.....	13
13.1 Regras de preparación. Contido do expediente de contratación.....	13
13.2 Tramitación e aprobación do expediente.....	16
13.3 Adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.....	18
13.4 Execución e extinción.....	21
CAPÍTULO III.- CONTRATOS DE SERVIZOS INCLUÍDOS NAS CATEGORÍAS 17 A 27 DO ANEXO II DA TRLCSP CUXO VALOR ESTIMADO SEXA IGUAL OU SUPERIOR A 206.000 EUROS (IVE EXCLUÍDO).....	21
CAPÍTULO IV.- CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA.....	22
14. PREPARACIÓN DOS CONTRATOS.....	22
14.1 Contido do expediente de contratación.....	22
14.2 Tramitación e aprobación do expediente	25
15. ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS NON SOMETIDOS A REGULACIÓN HARMONIZADA.....	26
15.1 Principios aplicables á adxudicación destes contratos.....	25



15.2 Procedementos aplicables. Normas xerais	25
15.3 Procedemento Aberto.....	29
15.4 Procedemento restrinxido	30
15.5 Procedemento negociado	32
15.6 Diálogo competitivo	34
15.7 Normas especiais aplicables aos concursos de proxectos	34
15.8 Racionalización técnica da contratación	34
16 TRAMITACIÓN URXENTE DOS CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA	35
17 FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA	35
18 EXECUCIÓN DOS CONTRATOS.....	35
18.1 Execución defectuosa e demora.....	35
18.2 Resolución por demora e prórroga dos contratos	36
18.3 Indemnización de danos e perdas	37
18.4 Principio de risco e ventura.....	37
18.5 Pagamento do prezo	37
18.6 Modificación dos contratos.	38
19 EXTINCIÓN DOS CONTRATOS	38
19.1 Cumprimento dos contratos.....	38
19.2 Resolución dos contratos	38
20 CESIÓN DOS CONTRATOS E SUBCONTRATACIÓN	39
20.1 Cesión dos contratos	39
20.2 Subcontratación.....	39
CAPITULO V.- NORMAS ESPECIAIS PARA CONTRATOS DE OBRAS, CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA, XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS, SUBMINISTRACIÓNS, SERVIZOS E DE COLABORACIÓN ENTRE O SECTOR PÚBLICO E O SECTOR PRIVADO.....	39
21 Normas especiais	39
21.1 Contratos de Obras	39
21.2 Contrato de Concesión de Obra Pública.....	40
21.3 Contrato de Xestión de Servizos	40
21.4 Contrato de Subministración.....	40



21.5 Contrato de Servizos	40
21.6 Contratos de colaboración entre o sector público e sector privado	41



CAPITULO I.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- ANTECEDENTES.

A Fundación Instituto Feiral da Coruña (IFECO) (en diante a Fundación) foi constituída o 5 de agosto de 1998 e clasificada como de interese industrial e adscrita á Consellaría de Industria e Comercio pola Orde da Consellaría da Presidencia e Administración Pública do 9 de novembro de 2000.

Consonte co artigo 2 dos seus Estatutos, a Fundación, unha vez inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo en consecuencia realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Pola súa banda, o artigo 6 dos Estatutos da Fundación establecen o seu obxecto que se centrará *“na promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo con isto á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural”*.

A Fundación require habitualmente da contratación de empresas ou institucións para a realización de traballos de diversa índole, que non pode executar con persoal propio, orientados a satisfacer axeitadamente as necesidades dos proxectos e actividades que constitúen o obxecto dos seus fins e obxectivos ou que lle poden ser encomendadas.

A Fundación, de conformidade co disposto no artigo 113 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, constitúe unha entidade do sector público autonómico, e, na actualidade, está informada polas Leis 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega, e a citada Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As presentes instrucións son de obrigado cumprimento para a Fundación tal e como sinala o artigo 191 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e deben poñerse a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación de contratos regulados por elas e publicados no Perfil de contratante da Fundación.

Estas Instrucións internas foron aprobadas polo Consello de Dirección da Fundación na súa reunión de data, e nelas determínase o rexime de adxudicación dos contratos da Fundación, axustándose aos principios de



publicidade, concorrência, transparencia, confidencialidade e igualdade e non discriminación que presiden a contratación pública.

2.- NATUREZA XURÍDICA DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

1.- A Fundación Instituto Feiral de A Coruña (IFECO) é unha Fundación privada sen ánimo de lucro integrante, en materia de contratación, do sector público en base ao establecido no artigo 3.1.h) Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP) e financiada maioritariamente na actualidade por Administracións Públicas, que de acordo co artigo 3.1.a) da referida norma, forman tamén parte do sector público.

2.- Así mesmo, cumprense na Fundación as tres condicións legais para que sexa considerada como poder adxudicador posto que ten personalidade xurídica -como é propio dunha fundación e declaran os seus Estatutos no artigo 2-, está creada para satisfacer necesidades de carácter xeral e non industrial ou mercantil, e finalmente, está financiada maioritariamente polas Administracións Públicas que son sempre poderes adxudicadores segundo dispón o artigo 3.3ª) da TRLCSP.

3.- RÉXIME XURÍDICO EN MATERIA DE CONTRATACIÓN DA FUNDACIÓN

1.- Os contratos celebrados pola Fundación teñen a consideración de contratos privados, de acordo co previsto no artigo 20.1 da TRLCSP.

2.- Os contratos rexeranse, en canto a súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polo TRLCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable aos poderes adxudicadores non administracións públicas ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes instrucións ou os pregos de condicións ou contratos, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

3.- Están sometidas ás presentes instrucións na forma e termos previstos nesta, os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que celebre o poder adxudicador.

4.- Están excluídos do ámbito das presentes instrucións os negocios e relacións xurídicas recollidas no artigo 4 do TRLCSP, na medida que sexan aplicables ao poder adxudicador. Estes contratos, negocios e relacións xurídicas regularanse, de acordo co TRLCSP, polas súas normas especiais, aplicándose os principios do TRLCSP para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

5.- Os contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministración, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector



privado que celebre o poder adxudicador cualificaranse de acordo coas normas contidas na TRLCSP.

Os restantes contratos cualificaranse segundo as normas de dereito privado que lles sexan de aplicación.

En particular, consideraranse contratos de concesión de servizos aquel en virtude do cal o poder adxudicador encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo propio do poder adxudicador, presentando as mesmas características que o contrato de servizos, coa salvedade de que a contrapartida da prestación de servizos consiste, ou ben unicamente no dereito a explotar o servizo, ou ben unicamente no dereito a explotar o servizo, ou ben no devandito dereito acompañado dun prezo.

6.- O poder adxudicador, de acordo co artigo 22 do TRLCSP, non poderá celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, la natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado a súa adxudicación. Esta documentación preparatoria dos contratos designarase nas presentes instrucións como "expediente de contratación".

O poder adxudicador velará pola eficiencia e o mantemento do termos acordados na execución dos procesos de contratación, favorecerán a axilización dos trámites, valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos nos procedementos de contratación.

7.- Será aplicable en canto ao prazo de duración dos contratos o disposto no artigo 23 do TRLCSP.

8.- Nos contratos do poder adxudicador poderán incluírse calquera pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, sendo aplicable o disposto no artigo 25 do TRLCSP.

9.- Agás que xa se atope recollido no prego ou no documento de requisitos ou condicións xerais, os contratos que celebre a Fundación deberán incluír, necesariamente, as seguintes mencións:

- a) A identificación das partes.
- b) A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato.
- c) A definición do obxecto do contrato.
- d) Referencia á lexislación aplicábel ao contrato.



e) A enumeración dos documentos que integran o contrato. Se así se expresa no contrato, esta enumeración poderá estar xerarquizada, ordeándose segundo a orde de prioridade acordado polas partes; neste caso, e salvo erro manifesto, a orde pactada empregarase para determinar a prevalencia respectiva, en caso de que existan contradicións entre distintos documentos.

f) O prezo certo, ou o modo de determinalo.

g) A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.

h) As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.

i) As condicións de pago.

j) Os supostos en que procede a resolución.

k) A rúbrica contable con cargo ao que se abonará o prezo, no seu caso.

l) A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.

O documento contractual no poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigas para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, na forma que resulte da proposición do adxudicatario.

10.- Os contratos do poder adxudicador perfecciónanse coa súa formalización.

Salvo que se indique outra cousa no seu clausulado, os contratos do poder adxudicador entenderanse celebrados no lugar onde se atope a sede do órgano de contratación.

11.- O poder adxudicador non poderá contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia.

Os contratos formalizaranse en documento privado, sen prexuízo do sinalado para os contratos menores nas presentes instrucións.

12.- Estarase ao disposto nos artigos 29 e 30 do TRLCSP en canto á remisión de información para os efectos estatísticos e de fiscalización.

13.- Os pregos de condicións ou, cando estes non existan, o contrato poderá remitir a unha arbitrase, conforme ás disposicións da Lei 60/2003, de 23 de decembro, de Arbitrase, a solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción dos contratos.

14.- Para os contratos suxeitos a regulación harmonizada será de aplicación o disposto nos artigos 31 e seguintes do TRLCSP en canto ao seu réxime de



invalidez e revisión de oficio. Para estes contratos e para os de servizos de categorías 17 a 27 do anexo II do TRLCSP de valor estimado superior ao previsto no TRLCSP rexerá o disposto nos artigos 37 e seguintes en canto aos supostos especiais de nulidade contractual. Os pregos de contratación destes contratos recollerán unha remisión a este réxime.

4.- OBXECTO E ALCANCE DAS INSTRUCCIÓNS DE CONTRATACIÓN

O 16 de novembro de 2011 publicouse no BOE o Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que derroga a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Capítulo IV do Título V do Libro II, comprensivo dos artigos 253 a 260, ambos inclusive, do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

O TRLCSP xustifícase na necesidade de integrar nun texto único todas as modificacións introducidas á Lei 30/2007, de 30 de outubro, a través de diversas leis modificatorias da mesma, que deron unha nova redacción a determinados preceptos ou introducido novas disposicións.

De acordo cos criterios establecidos no artigo 3.3.b) do TRLCSP, a Fundación ten a consideración de poder adxudicador, o que ven determinar o marco xurídico aplicable aos seus procedementos de contratación, así como a necesidade de dotarse dunhas instrucións internas de contratación de acordo co previsto no seu artigo 191.


O obxectivo destas instrucións é presentar os procesos de contratación que debe seguir a Fundación e determinar como os mesmos deben ser integrados na actual normativa vixente de contratación pública, aprobada pola TRLCSP.

5.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

En canto ao órgano de contratación da Fundación terá que estarse ao que dispoñan ao efecto as súas normas estatutarias vixentes.

E, de conformidade co disposto no artigo 29 dos estatutos da Fundación Instituto Feiral de A Coruña (IFECO), corresponde ao Consello de Dirección actuar como órgano de contratación da fundación, correspondéndolle a aprobación dos expedientes de contratación, a adxudicación dos contratos, así como a súa formalización.

Todo iso, sen prexuízo da súa posible delegación en un ou máis membros do Consello de Dirección ou do Director Xerente - de acordo co artigo 33 dos Estatutos - ou do outorgamento de poderes para esta finalidade.



A Dirección Xerencia da fundación, ademais das delegacións que poida recibir, será o órgano competente para a iniciación dos expedientes de contratación, para a motivación da necesidade do contrato e para a proposta da súa aprobación ao Consello de Dirección.

O órgano de contratación poderá estar asistido, cando así o decida en función das características de cada contrato, por unha mesa de contratación ou por un xurado.

Constituirase unha mesa de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 e 2 do TRLCSP. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órganos de contratación. Para asistir ao órgano de contratación nos procedementos de diálogo competitivo, constituirase unha mesa á que se incorporarán persoas especialmente cualificadas na materia sobre a que verse o diálogo, designadas polo órgano de contratación.

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións de ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan.


6.- CAPACIDAD E SOLVENCIA DO EMPRESARIO

Aplicaranse os artigos 54 e seguintes o TRLCSP en canto a capacidade e solvencia dos empresarios. En particular non poderán contratar co poder adxudicador as persoas en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 60.1 do TRLCSP.

Nos mesmos supostos nos que o TRLCSP esixe clasificación, o poder adxudicador poderá esixir nos pregos unha determinada clasificación aos licitadores para definir as condicións de solvencia requiridas para asinar o correspondente contrato. Poderase esixir tamén a clasificación e unha solvencia de forma subsidiaria para o caso de non dispoñer de clasificación, que fose equivalente a aquela.

A clasificación dos empresarios acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivera e para nos que a súa celebración non esixa estar en posesión desta.

A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional acreditarase mediante a achega dos documentos que se determinen polo órgano de contratación de entre os previstos nos artigos 75 a 79 do TRLCSP. O órgano de contratación indicará nos pregos as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional que os empresarios deberán acreditar. Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar os mesmos indicaranse no anuncio de licitación e especificaranse no prego do contrato, debendo estar vinculado ao seu obxecto e ser proporcionais a este.



O órgano de contratación poderá admitir outros medios de proba da solvencia distintos dos previstos nos artigos 75 a 79 do TRLCSP para os contratos que non estean suxeitos a regulación harmonizada. Si se opta por esta posibilidade, a documentación requirida para a acreditar a solvencia débese indicar no anuncio de licitación e especificarse no prego do contrato; en todo caso, deberá estar vinculada ao seu obxecto e ser proporcional a este.

7.- GARANTÍAS

A Fundación, de conformidade co disposto no artigo 104 da TRLCSP poderá, se o estima conveniente, esixir a prestación dunha garantía aos licitadores ou candidatos, para responder do mantemento das súas ofertas até a adxudicación e, no seu caso, a formalización do contrato ao adxudicatario, para asegurar a correcta execución da prestación.

O importe da garantía, así como o réxime da súa devolución ou cancelación serán establecidos pola Fundación atendidas as circunstancias e características do contrato.

Cando se esixan as garantías, estas poderán presentarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

8.- O PERFIL DO CONTRATANTE

1.- O órgano de contratación, de conformidade co artigo 53 do TRLCSP, e co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual da Fundación, difundirá, a través da páxina web institucional da Fundación, o seu perfil de contratante.

2.- No perfil de contratante farase constar canta información poda resultar relevante en relación cos procedementos de contratación que celebre a Fundación e, en todo caso, a que se esixe expresamente no TRLCSP, nas presentes instrucións e na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega.

3.- A forma de acceso ao perfil de contratante especificarase na páxina Web institucional da Fundación, nos pregos e nos anuncios de licitación.

4.- O sistema informático que soporta o perfil e contratante da Fundación contará cun dispositivo que permita acreditar fehacientemente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa no mesmo, todo iso en garantía do principio e publicidade e transparencia.

5.- Ao obxecto de dar cumprimento ás esixencias do artigo 191 do TRLCSP, as presentes instrucións publicaranse no perfil do contratante quedando



disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación dos contratos celebrados pola Fundación.

9.- TIPOLOXÍA DOS CONTRATOS CELEBRADOS POLA FUNDACIÓN

Os contratos que pode celebrar a Fundación clasifícanse nas seguintes categorías esenciais:

- a) Contratos suxeitos a regulación harmonizada.
- b) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada.

Aplicaranse os preceptos do TRLCSP para determinar os contratos que celebre o poder adxudicador que se suxeiten a regulación harmonizada. Son contratos suxeitos a unha regulación harmonizada os contratos de colaboración entre o sector público e privado, en todo caso, e os contratos de obras, os de concesión de obras públicas, os de subministración, e os de servizos comprendidos nas categorías 1 a 16 do Anexo II, con valor estimado, calculado conforme ás regras que se establecen no artigo 88 do TRLCSP, igual ou superior ás contías que se indican nos artigos 14 e seguintes do TRLCSP.


10.- RÉXIMES ESPECIAIS

O presente apartado será de aplicación aos contratos menores (adxudicación directa).

1.- Considéranse contratos menores os contratos seguintes:

- a.- Contratos de obras de contía inferior a 50.000 euros (IVE excluído).
- b.- Calquera outro tipo de contrato de contía inferior a 18.000 euros (IVE excluído).
- c.- A subscrición a revistas e outras publicacións, calquera que sexa o seu soporte, así como a contratación do acceso á información contida en bases de datos especializadas, calquera que sexa a súa contía, sempre que non estean sometidos a regulación harmonizada e baixo as condicións fixadas na Disposición Adicional Novena do TRLCSP.

2.- Os contratos menores esixen unicamente un expediente simplificado para cuxa tramitación tan só se require a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, excepto no caso de contratos de obras, nos que ademais deberá incorporarse un presuposto, sen prexuízo da existencia do correspondente proxecto técnico cando as normas específicas así o requirán, debendo solicitarse informe de supervisión cando o traballo afecte a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.



3.- Estes contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga.

4.- Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

No expediente de contratación de contratos menores aplicaranse os seguintes trámites procedimentais:

- Elaboración dunha memoria na que se determinen as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado (artigo 22 TRLCSP) e definirse o obxecto do contrato (artigo 86 TRLCSP), non sendo necesaria a aprobación de pregos de condicións.

Na memoria deberá facerse alusión ao crédito orzamentario ou ao programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso.

Esta memoria poderá ter un contido sumario atendidas as circunstancias do caso e, especialmente, a súa contía.

- No caso de contrato de obras, aprobación do orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

- Aprobación do gasto polo órgano de contratación.

- Adxudicación directa a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

- Non será precisa a formalización por escrito nin o cumprimento do contido mínimo dos contratos, salvo nos contratos que presenten certa complexidade ou contía, en que se requirirá a formalización e a constancia por escrito dos pactos e condicións.

- Incorporación ao expediente da factura correspondente.

11.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

Para os contratos suxeitos a regulación harmonizada e contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II do TRLCSP de contía igual ou superior ao disposto no TRLCSP, serán de aplicación os artigos 40 e seguintes do TRLCSP en canto ao recurso especial en materia de contratación e medidas provisionais.



12.- ORDEN XURISDICCIONAL COMPETENTE

1.- Para os contratos suxeitos á regulación harmonizada e dos contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II que se indican no artigo 21 do TRLCSP, a orde xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación dos contratos que celebre a Fundación será a **contencioso administrativa**,

No caso de contratos non suxeitos á regularización harmonizada, a orde xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación dos contratos que celebre a Fundación será a **civil**.

2.- A orde xurisdiccional **civil** será competente, en todo caso, para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción de todos os contratos que celebre a Fundación.

CAPÍTULO II.- CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

13.- CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

13.1 Regras de preparación. Contido do expediente de contratación.

13.1.1 Aplicación do artigo 137.1 do TRLCSP

De acordo co artigo 137.1 do TRLCSP, nos contratos celebrados polo poder adxudicador, que estean suxeitos a regulación harmonizada ou que sexan contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 del Anexo II de contía igual o superior a indicada no artigo 16.1.b), deberán observarse as regras establecidas no artigo 117 para a definición e establecemento de prescricións técnicas, sendo igualmente de aplicación o previsto nos artigos 118 a 120.

Si a celebración do contrato é necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, o órgano de contratación poderá declarar urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente na documentación preparatoria. Neste caso será de aplicación o previsto no artigo 112.2.b) sobre redución de prazos.

13.1.2 Contido mínimo do expediente de contratación.

No expediente de contratación, que deberá aprobar o órgano de contratación con carácter previo ao inicio do procedemento para adxudicar o contrato, deberá recollerse o contido mínimo seguinte, para unha axeitada determinación do contrato a celebrar, as condicións polas que debe rexerse e as previsións



oportunas sobre o procedemento para adxudicalo que permitan a súa licitación con pleno respecto aos principios recollidos no artigo 1 do TRLCSP:

- Determinación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado (artigo 22 do TRLCSP).
- Determinación da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas (artigo 22 do TRLCSP).
- Definición do obxecto do contrato (artigos 26 e 86 do TRLCSP).
- Referencia á lexislación aplicable ao contrato (artigo 26 TRLCSP).
- Identificación do órgano competente para contratar (artigo 51 TRLCSP, incluíndo a forma de acceso ao perfil do contratante (artigo 53 TRLCSP).
- Designación, no seu caso, do responsable do contrato (artigo 52 TRLCSP).
- Condicións de aptitude esixibles (artigo 54 e seguintes TRLCSP). Regras aplicables en relación coas empresas non comunitarias; condicións especiais de compatibilidade; persoas xurídicas, empresas comunitarias; posibilidades de concorrer unións de empresarios; prohibicións de contratar.
- En particular, as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica, vinculadas ao obxecto do contrato e proporcionais a este, que se esixan para ser admitido á licitación, así como a documentación requirida para acreditar as mesmas.
- No seu caso, esixencia de clasificación (artigo 65 TRLCSP).
- Enumeración dos documentos que integran o contrato (artigo 26 TRLCSP).
- Fixación do orzamento de licitación, atendendo ao prezo xeral de mercado (artigos 26 e 87 TRLCSP). Cálculo do valor estimado do contrato de acordo coas regras legais (artigo 88 TRLCSP).
- O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso (artigo 26 TRLCSP).
- No seu caso, garantías provisionais e definitivas que se esixan, incluíndo o importe da garantía, formas de presentación así como o réxime da súa devolución ou cancelación (artigo 104 TRLCSP).
- Procedemento aplicable para a adxudicación do contrato, incluíndo os criterios de adxudicación e a posibilidade de ofertar variantes e melloras. De acordo con artigo 10.5 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de Transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, nos contratos en que se utilice mais dun criterio de adxudicación, e salvo as excepcións que



poidan establecerse en resolución motivada do órgano de contratación cando a relación entre a calidade e o prezo así o esixa, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40 % da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas.

- Perfección dos contratos (artigo 27 TRLCSP).
- Previsións sobre a formalización do contrato (artigo 28 TRLCSP).
- Prazo de duración do contrato e posibles prórrogas (artigos 23 e 26 TRLCSP); as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización (artigo 26 TRLCSP).
- Pactos, cláusulas e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato, establecidos ao amparo do principio de liberdade de pacto (artigo 25 TRLCSP).
- Prescricións técnicas esixibles ás prestacións (artigo 117 TRLCSP).
- As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións (artigo 26 TRLCSP).
- As condicións de pagamento (artigo 26 TRLCSP).
- Posibilidade de revisión ou actualización do prezo para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato (87 TRLCSP).
- No seu caso, condicións de aprazamento do pago do prezo (artigo 87.7 TRLCSP).
- No seu caso, condicións especiais de execución do contrato (artigo 118 TRLCSP).
- Os supostos en que procede a resolución (artigo 26 TRLCSP).
- A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista (artigo 26 TRLCSP).
- Réxime de invalidez nos contratos suxeitos a regulación harmonizada (artigo 31 e seguintes TRLCSP).
- Previsión do recurso especial en materia de contratación e órgano competente para resolvelo (artigos 40 e 41 TRLCSP).
- Previsión, se é o caso, do sometemento a arbitraje da solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción do contrato (artigo 50 TRLCSP).



- Se é o caso, información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio, emprego, e condicións laborais e información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo (artigos 119 e 120 TRLCSP).

Estas previsións recolleranse nun prego de condicións, que formará parte integrante do contrato. Cando se estime pertinente separar do clausulado xurídico do contrato as características técnicas das prestacións, as súas calidades e a regulación da súa forma de execución nos seus aspectos técnicos, aprobarase un prego de prescricións técnicas que recollerá estes extremos.

O expediente deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no apartado 3 do artigo 86 TRLCSP acerca da súa eventual división en lotes.

13.2 Tramitación e aprobación do expediente.

13.2.1 Regras procedimentais aplicables.

De acordo co disposto no artigo 33 dos Estatutos da Fundación, o órgano da mesma competente para iniciar o expediente, e motivar a necesidade do contrato e propoñer ao Consello de Dirección a súa aprobación, nos termos previstos no artigo 22 do TRLCSP, é o Director Xerente.

Ao expediente incorporarase o prego de condicións e o de prescricións técnicas que haxan de rexer o contrato.

Os pregos de condicións serán obxecto de informe xurídico, que se incorporará ao expediente. Non será necesario informe xurídico cando o prego de condicións se axuste a un modelo de prego de condicións aprobado, logo de informe xurídico, polo órgano de contratación para determinadas categorías de contratos de natureza análoga.

Así mesmo, deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa.

Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

13.2.2 Regras procedimentais aplicables en supostos de urxencia e emerxencia.

Se a celebración do contrato é necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público o Director Xerente poderá propoñer e órgano de contratación declarar urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente na documentación preparatoria, sendo de aplicación o previsto no artigo 112.2.b) sobre adxudicación de prazos.



Poderase aplicar a tramitación de emerxencia para supostos excepcionais en que a entidade teña que actuar de xeito inmediato a causa de acontecementos catastróficos ou de situacións que supoñan grave perigo. Para estes casos estarase a regras análogas ao réxime excepcional previsto para a administración pública no artigo do 113 TRLCSP.

13.2.3 Regras especiais para a preparación de determinados contratos.

– Regras aplicables ás actuacións preparatorias do contrato de obras

A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e reformulo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación salvo que tal competencia estea especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica.

No suposto de adxudicación conxunta de proxecto e obra, a execución desta quedará condicionada a supervisión, aprobación e reformulo do proxecto polo órgano de contratación.

Para a clasificación das obras e o contido dos proxectos serán aplicables os artigos do 122 e 123 do TRLCSP.

Cando a elaboración do proxecto sexa contratada integramente polo poder adxudicador establecerase nos pregos que o autor e autores deste incorrerán en responsabilidades nos termos establecidos nos artigos 310 a 312 do TRLCSP.

Para a contratación conxunta de elaboración do proxecto e a execución das obras correspondentes aplicarase o artigo 124 do TRLCSP.

Antes da aprobación do proxecto, nos mesmos supostos indicados no artigo 125, o órgano de contratación deberá solicitar un informe de supervisión do proxecto.


Aprobado o Proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o reformulo deste, de acordo co artigo 126 do TRLCSP.

– Regras aplicables ás actuacións preparatorias de concesión de obras

Na preparación deste contrato aplicaranse regras análogas ás establecidas nos artigos 128 e seguintes do TRLCSP.

– Regras aplicables ás actuacións preparatorias de colaboración entre o sector público e o sector privado

Na preparación deste contrato aplicaranse regras análogas ás establecidas nos artigos 134 e seguintes do TRLCSP.



13.3 Adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.

A adxudicación destes contratos rexeráse polas normas que especifican os artigos 138 a 188 e do TRLCSP, coas particularidades previstas no artigo 190 da mesma.

13.3.1 Normas aplicables.

De acordo co artigo 190, a adxudicación de contratos sometidos a regulación harmonizada rexeráse polas normas establecidas no Capítulo I, do Título I do Libro III do TRLCSP coas indicacións que se indican no precepto.

13.3.2 Convocatoria de licitacións.

Non será preciso publicar as licitacións e adxudicacións nos diarios oficiais nacionais a que se refiren o parágrafo primeiro do apartado 1 do artigo 142 e o parágrafo primeiro do apartado 2 do artigo 154.

De acordo cos artigos 190 e 142.4 do TRLCSP, será aplicable unha triple publicidade:

- A publicación efectuada no "Diario Oficial da Unión Europea".
- A inserción da correspondente información na plataforma de contratación a que se refire o artigo 334 ou no sistema equivalente xestionado pola Administración Pública da que dependa a entidade contratante, sen prexuízo da utilización dos medios adicionais con carácter voluntario.
- Os anuncios de licitación publicaranse, así mesmo, no perfil do contratante do órgano de contratación (142.4 TRLCSP)

13.3.3 Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións.


Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada aplicaranse os prazos establecidos no TRLCSP.

13.3.4 Redución de prazos en caso de tramitación urxente.

De acordo co artigo 190 do TRLCSP, se, por razóns de urxencia, resultase impracticable o cumprimento dos prazos mínimos establecidos, será de aplicación o previsto no artigo 112.2.b) sobre redución de prazos.

13.3.5 Criterios de valoración das ofertas.

De acordo co artigo do 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato. Cando só se utilice un criterio de adxudicación, este ha de ser, necesariamente, o do prezo máis baixo.



Os criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato determinaranse polo órgano de contratación e detallaranse no anuncio, nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo.

Na determinación dos criterios de adxudicación darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

Cando nunha licitación que se siga por un procedemento aberto ou restrinxido se atribúa aos criterios avaliábles de forma automática por aplicación de fórmulas unha ponderación inferior á correspondente aos criterios a cuantificación da cal dependan dun xuízo de valor, o informe de valoración necesario para a avaliación das ofertas conforme aos criterios que dependan dun servizo de valor poderá ser efectuado por un técnico ou técnicos que poderán depender do órgano da fundación ou sociedade propoñente do contrato, sen que deba constituírse o comité de expertos previsto no artigo 150.2 do TRLCSP. Sen prexuízo diso, o órgano de contratación poderá decidir o nomeamento do comité de experto. Tamén poderá encomendarse esta avaliación a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.

13.3.6 Mesa de Contratación.


Constituirase unha mesa de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 do TRLCSP. Nos procedementos negociados nos que sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación.

A mesa estará constituída por un Presidente, tres vogais, e un Secretario, nomeados polo órgano de contratación. Entre os vogais figurará necesariamente unha persoa que teña encomendado o asesoramento xurídico do órgano de contratación, e unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións relativas ao seu control económico orzamentario. Para asistir ao órgano de contratación nos procedementos de diálogo competitivo, constituirase unha mesa á que se incorporarán persoas especialmente cualificadas na materia sobre a que se ver o diálogo, designadas polo órgano de contratación.

13.3.7 Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

A adxudicación ao licitador que presente a oferta economicamente mais vantaxosa non procederá cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión nesta de valores anormais ou desproporcionados, de acordo co disposto neste apartado.

Cando o único criterio valorable de forma obxectiva a considerar para a adxudicación do contrato sexa o prezo, para apreciar o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas estarase aos parámetros obxectivos que se establezan nos pregos.



Nos casos en que para a adxudicación deba considerarse mais dun criterio de valoración, os pregos poderán expresar os parámetros obxectivos en función dos cales se apreciará, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. En particular, se o prezo ofertado é un dos criterios obxectivos que han de servir de base para a adxudicación, poderán indicarse no prego os límites que permitan apreciar, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de ofertas desproporcionadas ou anormais.

Serán aplicables polo demais, os número 3 e 4 do artigo 152 do TRLCSP.

13.3.8 Publicación da adxudicación definitiva no perfil de contratante.

De acordo co artigo 151.4 do TRLCSP a adxudicación do contrato, que e todo caso deberá ser motivada, notificarase aso candidatos ou licitadores simultaneamente se publicará no perfil do contratante. De acordo co artigo 190 do TRLCSP, non será preciso publicar as adxudicacións nos diarios oficiais nacionais a que se refire o parágrafo primeiro do apartado 2 do artigo 154, entendéndose que se satisface o principio de publicidade mediante a publicación efectuada no “Diario Oficial da Unión Europea” e a inserción da correspondente información na plataforma de contratación a que se refire o artigo 334 ou no sistema equivalente xestionado pola Administración Pública da que dependa a entidade contratante, sen prexuízo da utilización de medios adicionais con carácter voluntario.


De acordo co artigo 10.3 da Lei 4/2006, de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, de conformidade co que regulamentariamente se determine, o órgano de contratación publicará na súa web, unha vez adxudicado o contrato público, información sobre: os licitadores; os criterios de selección e a súa valoración; o cadro comparativo das ofertas económicas; a puntuación obtida por cada oferta, detallando a outorgada para cada un dos criterios de valoración; o resumo da motivación da valoración obtida; e o adxudicatario.

13.3.9 Formalización do contrato.

De acordo co artigo 190 do TRLCSP non son de aplicación as normas recollidas no artigo 156 para a formalización dos contratos polas Administracións Públicas.

A formalización dos contratos do poder adxudicador realizarase en documento privado e no prazo establecido nos pregos. Establecerase nos pregos que o contratista poderá solicitar que o contrato se leve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

A obriga de formalización do contrato deberá recollerse nos pregos de condicións, previndo que cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Fundación poderá acordar a incautación da garantía provisional que, no seu caso esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Fundación, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidera ocasionar.



13.3.10 Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos nos que non se recollan criterios de adxudicación con cuantificación que dependa dun xuízo de valor.

A mesa cualificará previamente a documentación a que se refire o artigo 146 do TRLCSP. Esta documentación deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición.

A mesa, no día sinalado no anuncio, procederá a apertura das proposicións en acto público, salvo cando se prevexa que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.

Cando para a valoración das proposicións se haxan de ter en conta criterios distintos ao prezo pediranse pola mesa, de consideralos necesarios, os informes técnicos pertinentes.

A mesa formulará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario.

Precisarase nos pregos que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto.

13.3.11 Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos e restrinxidos cando se recollan criterios con cuantificación que dependa dun xuízo de valor e criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas.


Cando nunha licitación que se siga por un procedemento aberto ou restrinxido se recollan criterios con cuantificación que dependa dun xuízo de valor e criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas, realizarase en primeiro lugar a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, deixándose constancia documental diso.

Nestes casos, os pregos establecerán a presentación da proposición dividida en dous sobres para facer posible a indicada valoración separada. Non se procederá á apertura pública do sobre no que figure a parte da proposición valorable de forma automática ata que se realice a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

13.4 Execución e extinción

En canto ao réxime de execución e extinción dos contratos celebrados pola Fundación, suxeitos a regulación harmonizada, será de aplicación o previsto nos apartados 18 a 20 das presentes Instrucións.

CAPÍTULO III.- CONTRATOS DE SERVIZOS INCLUIDOS NAS CATEGORÍAS 17 A 27 DO ANEXO II DA TRLCSP CUXO VALOR



ESTIMADO SEXA IGUAL OU SUPERIOR A 206.000 EUROS (IVE EXCLUÍDO)

1.- Os contratos de servizos incluídos nas categorías 17 a 27 do Anexo II do TRLCSP, con valor estimado igual ou superior a contía recollida no TRLCSP, pese a non ter a consideración de contratos suxeitos e regulación harmonizada, respecto da súa preparación, axustaranse ao previsto neste tipo de contratos.

2.- A adxudicación destes contratos realizarase de conformidade co previsto para os contratos non suxeitos a regulación harmonizada, polo que lles resultarán aplicables as previsións do capítulo IV destas instrucións referentes á adxudicación de ditos contratos.

CAPÍTULO IV.- CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

14. PREPARACIÓN DOS CONTRATOS

Contratos celebrados pola Fundación Instituto Feiral de A Coruña (IFECO) que non estean suxeitos a regulación harmonizada:

14.1 Contido do expediente de contratación


14.1.1 Ámbito de aplicación

As regras de preparación que seguen serán de aplicación aos contratos non suxeitos a regulación harmonizada.


14.1.2 Contido mínimo do expediente de contratación

Os aspectos que deben incluírse na documentación preparatoria destes contratos serán os seguintes:

- Determinación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado (artigo 22 do TRLCSP).
- Determinación da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas (artigo 22 do TRLCSP).
- Definición do obxecto do contrato (artigos 26 e 86 do TRLCSP).
- Referencia á lexislación aplicable ao contrato (artigo 26 TRLCSP).
- Identificación do órgano competente para contratar da Fundación ou sociedade (artigo 51 TRLCSP, incluíndo a forma de acceso ao perfil do contratante (artigo 53 TRLCSP).




- Designación, no seu caso, do responsable do contrato (artigo 52 TRLCSP).
- Condicións de aptitude esixibles (artigo 54 e seguintes TRLCSP). Regras aplicables en relación coas empresas non comunitarias; condicións especiais de compatibilidade; persoas xurídicas, empresas comunitarias; posibilidades de concorrer unións de empresarios; prohibicións de contratar.
- En particular, as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica, vinculadas ao obxecto do contrato e proporcionais a este, que se esixan para ser admitido á licitación, así como a documentación requirida para acreditar as mesmas.
- No seu caso, esixencia de clasificación (artigo 65 TRLCSP).
- A enumeración dos documentos que integran o contrato (artigo 26 TRLCSP).
- Fixación do orzamento de licitación, atendendo ao prezo xeral de mercado (artigos 87 e 26 TRLCSP). Cálculo do valor estimado do contrato de acordo coas regras legais (artigo 88 TRLCSP).
- O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso (artigo 26 TRLCSP).
- No seu caso, garantías provisionais e definitivas que se esixan, incluíndo o importe da garantía, formas de presentación así como o réxime da súa devolución ou cancelación (artigo 104 TRLCSP).
- Procedemento aplicable para a adxudicación do contrato, incluíndo modalidades de recepción das ofertas, os criterios de adxudicación e a posibilidade de ofertar variantes e melloras (artigo 137.2 TRLCSP). De acordo coa Lei 4/2006, de 30 de xuño, de Transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, nos contratos en que se utilice mais dun criterio de adxudicación, e salvo as excepcións que poidan establecerse en resolución motivada do órgano de contratación cando a relación entre a calidade e o prezo así o esixa, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40 % da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas (artigo 10.5).
- Perfección dos contratos (artigo 27 TRLCSP).
- Previsións sobre a formalización do contrato (artigo 28 TRLCSP).
- Prazo de duración do contrato e posibles prórrogas (artigos 23 e 26 TRLCSP); as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización (artigo 26 TRLCSP).
- Pactos, cláusulas e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato, establecidos ao amparo do principio de liberdade de



pacto (artigo 25 TRLCSP). Para determinar o contido razoable ou suficiente de cada contrato deberá estarse a súa complexidade, características, natureza e importancia económica. Para protexer os intereses do poder adxudicador buscarase no clausulado unha definición suficiente dos dereitos e obrigas das partes e en particular das prestacións que se buscan.

- Prescricións técnicas esixibles ás prestacións (artigo 117 TRLCSP). Non poderán establecerse prescricións técnicas que mencionen fabricación ou procedencias determinadas, ou procedementos concretos contendo referencias a marcas, patentes ou tipos, orixes ou producións determinadas, salvo que o xustifique o obxecto do contrato. Estarase ao establecido no artigo 117 do TRLCSP en canto á definición das prescricións técnicas.
- As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións (artigo 26 TRLCSP).
- As condicións de pagamento (artigo 26 TRLCSP).
- Posibilidade de revisión ou actualización do prezo para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato (87 TRLCSP).
- No seu caso, condicións de aprazamento do pago do prezo (artigo 87.7 TRLCSP).
- No seu caso, condicións especiais de execución do contrato, que terán que ser compatibles co dereito comunitario (artigo 118 TRLCSP).
- Os supostos en que procede a resolución (artigo 26 TRLCSP).
- A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista (artigo 26 TRLCSP).
- Previsión, se é o caso, do sometemento a arbitraje da solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción do contrato (artigo 50 TRLCSP).
- Se é o caso, información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio, emprego, e condicións laborais e información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo (artigos 119 e 120 TRLCSP).

Estas previsións recolleranse nun prego de condicións, que formará parte integrante do contrato. Cando se estime pertinente separar do clausulado xurídico do contrato as características técnicas das prestacións, calidades e a regulación da súa forma de execución nos seus aspectos técnicos, aprobarase un prego de prescricións técnicas que recollera estes extremos.



O expediente deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no apartado 3 do artigo 86 TRLCSP acerca da súa eventual división en lotes.

14.2 Tramitación e aprobación do expediente

14.2.1 Regras procedimentais aplicables

Serán de aplicación as previsións establecidas no número 13.2 das presentes Instrucións.

14.2.2 Naqueles contratos que impoñan ao adxudicatario a obriga de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, o órgano de contratación deberá facilitar aos licitadores, no propio prego ou na documentación complementar, a informacións sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir a avaliación dos custes laborais que implicará tal medida. A estes efectos, a empresa que viñese efectuando a prestación obxecto do contrato a adxudicar e que teña condición de empregadora dos traballadores afectados estará obrigada a facilitar a referida información á Fundación a requirimento desta (artigo 120 TRLCSP).

15. ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS NON SOMETIDOS A REGULACIÓN HARMONIZADA.

15.1 Principios aplicables á adxudicación destes contratos

De acordo co artigo 191 do TRLCSP na adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada serán de aplicación as seguintes disposicións:

-A adxudicación estará sometida en todo caso aos principios de publicidade, concorrência, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.

-A adxudicación realizarase a quen presente a oferta economicamente máis vantaxosa.

-Entenderanse cumpridas as esixencias derivadas do principio de publicidade coa inserción da información relativa a licitación de los contratos con importe superior aos 50.000 euros no perfil do contratante da entidade.

15.2 Procedementos aplicables. Normas xerais.

15.2.1 Procedementos de adxudicación

A adxudicación realizarase, ordinariamente, utilizando o procedemento aberto ou procedemento restrinxido. En iguais supostos aos enumerados no TRLCSP, poderá seguirse o procedemento negociado, e nos casos previstos no artigo 180 poderá recorrerse ao diálogo competitivo.



O poder adxudicador poderá concluír contratos menores aplicándose o previsto no número 12 destas Instrucións.

15.2.2 Mesa de contratación

Constituirase unha mesa de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 e 2 do TRLCSP. Nos procedementos negociados nos que sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación.

A mesa estará constituída por un Presidente, tres vogais, e un Secretario, nomeados polo órgano de contratación. Entre os vogais figurará necesariamente unha persoa que teña encomendado o asesoramento xurídico do órgano de contratación e unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións relativas ao seu control económico orzamentario.

Para asistir ao órgano de contratación nos procedementos de diálogo competitivo, constituirase unha mesa á que se incorporarán persoas especialmente cualificadas na materia sobre a que se ver o diálogo, designadas polo órgano de contratación.

15.2.3 Principios de igualdade e transparencia

Ó órgano de contratación dará aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustará a súa actuación ao principio de transparencia.

15.2.4 Confidencialidade

Será aplicable o disposto no artigo 140 do TRLCSP.

15.2.5 Convocatoria de licitacións.

Na convocatoria das licitacións será aplicable a seguinte publicidade:

- Inserción da correspondente información na plataforma de contratación a que se refire o artigo 334 ou no sistema equivalente xestionado pola Administración Pública da que dependa a entidade contratante.
- Os anuncios de licitación publicaranse, así mesmo, no perfil de contratante do órgano de contratación.

De acordo co artigo 10.2 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, a publicidade na páxina web da entidade terá o seguinte contido mínimo: o obxecto do contrato; o seu prezo; a referencia do diario oficial en que se publicou o anuncio, no seu caso; a data de finalización do prazo de recepción de ofertas ou solicitudes de participación; o lugar onde estas haberán de ser presentadas; e os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.



15.2.6 Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións.

Os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación deberán establecerse tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato.

No caso de que o expediente da contratación fose declarado de tramitación urxente, os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

15.2.7 Proposicións dos interesados

Será aplicable o disposto nos artigos 145 e 146 do TRLCSP. Nos pregos recollerase sempre a cláusula de que a presentación das proposicións dos interesados supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva ningunha.

15.2.8 Admisibilidade de variantes ou melloras

Será aplicable o disposto no artigo 147 do TRLCSP.

15.2.9 Poxa electrónica

Será posible acudir a un procedemento de poxa electrónica nas condicións do artigo 148 do TRLCSP.

15.2.10 Sucesión no procedemento

Será aplicable o artigo 149 do TRLCSP.


15.2.11 Criterios de valoración das ofertas

Será aplicable o disposto no artigo 150 do TRLCSP para os criterios de valoración de ofertas, se ben non será necesaria a constitución do comité de expertos previsto nese precepto.

Non será preciso efectuar a unha avaliación separada das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e a daqueles outros criterios nos que non concorra esta circunstancia, se ben os pregos poderán optar por ese sistema.

15.2.12 Clasificación das ofertas e adxudicación do contrato

O órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 152 do TRLCSP. Para realizar dita clasificación atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anexo podendo solicitar para isto cantos informes técnicos estime pertinentes. Cando o único



criterio a considerar sexa o prezo, entenderanse que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **cinco días hábiles**, a contar dende o seguinte aquel en que recibira o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa acreditación disto, de dispor efectivamente dos medios que se comprometera a adicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64 e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, agás que se estableza outra cousa nos pregos.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento do prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orden na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos **cinco días hábiles** seguintes a recepción da documentación. Nos procedementos negociados e de diálogo competitivo, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

15.2.13 Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

Será de aplicación o previsto no número 13.3.7 das presentes Instrucións.

15.2.14 Notificación aos candidatos e licitadores e a publicidade das adxudicación.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, se publicará no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado coñecer as razóns da decisión da adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- b) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fora seleccionada e oferta deste con preferencia ás que presentaran os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas.



O órgano de contratación poderá non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desa información poida obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, ou cando se trate de contratos declarados secretos ou reservados ou cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente, ou cando o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado e así se declarase de conformidade co previsto no artigo 13.2.d) do TRLCSP.

15.2.15 Reserva da facultade de declarar deserto o contrato

Os pregos dos contratos non harmonizados poderán reservar para a Fundación a posibilidade de declarar deserto o contrato. A declaración do deserto deberá motivarse nos criterios de adxudicación recollidos no prego, en circunstancias intrínsecas a licitación ou en inutilidade sobrevida do obxecto do contrato.

15.2.16 Formalización do contrato.

Será aplicable o previsto nos parágrafos segundo e terceiro do número 13.3.9 das presentes Instrucións.

15.3 Procedemento Aberto

15.3.1 Delimitación

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

15.3.2 Información aos licitadores

Será aplicable o disposto no artigo 158 do TRLCSP.


15.3.3 Prazos para presentación de proposicións

O prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a publicación do anuncio do contrato, salvo nos contratos de obras e de concesión de obras públicas, en que o prazo será, como mínimo de vinte seis días.

Os prazos indicados poderán reducirse á metade en caso de declaración de urxencia, sendo de aplicación o disposto no artigo 112 do TRLCSP.

Poderase aplicar un prazo de presentación de proposicións de 10 días naqueles casos en que se poida xustificar tecnicamente que o indicado prazo é suficiente atendida a complexidade do contrato.

15.3.4 Exame das proposicións e proposta de adxudicación



A mesa de contratación cualificará previamente a documentación que se refire o artigo 146 do TRLCSP, que deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto a que conteña a proposición, e procederá posteriormente á apertura e exame das proposicións, formulando a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario.

A apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado dende a data de finalización do prazo para presentar ofertas.

En todo caso, a apertura das proposicións realizaranse en acto público, salvo cando se preveña que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.

Cando para a valoración das proposicións se haxan de ter en conta criterios distintos ao do prezo, o órgano competente para iso poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderá solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

Farase constar nos pregos que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

15.3.5 Adxudicación

Cando o único criterio a considerar para seleccionar o adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte o de apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato se deban ter en conta unha pluralidade de criterios o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, salvo que se establecese outro no prego de cláusulas administrativas particulares.

Os prazos indicados nos apartados anteriores ampliaranse en quince días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o artigo 152 do TRLCSP.

De non se producir a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición.

15.4 Procedemento restrinxido

15.4.1 Caracterización

No procedemento restrinxido só poderán presentar proposicións aqueles empresarios que, a súa solicitude e en atención a súa solvencia, sexan



seleccionados polo órgano de contratación. Neste procedemento estará prohibida toda negociación dos termos do contrato cos solicitantes ou candidatos.

15.4.2 Criterios para a selección dos candidatos

Con carácter previo ao anuncio de licitación, o órgano de contratación deberá establecer os criterios obxectivos de solvencia, de entre os sinalados nos artigos 75 a 79 do TRLCSP, conforme aos cales elixiranse os candidatos que van a ser invitados a presentar proposicións.

O órgano de contratación sinalará o número mínimo de empresarios aos que invitará a participar no procedemento, que non poderá ser inferior a cinco. Se así se estima procedente, o órgano de contratación poderá igualmente fixar o número máximo de candidatos aos que se invitará a presentar a oferta.

En calquera caso, o número de candidatos invitados debe ser suficiente para garantir unha competencia efectiva.

Os criterios ou normas obxectivos e non discriminatorios conforme aos cales se seleccionará aos candidatos, así como o número mínimo e, no seu caso, o número máximo daqueles aos que se invitará a presentar proposicións indicaranse no anuncio de licitación.

15.4.3 Solicitudes de participación

O prazo de recepción de solicitudes de participación será, como mínimo, de dez días, contados dende a publicación do anuncio.

As solicitudes de participación deberán ir acompañadas da documentación a que se refira o artigo 146.1 do TRLCSP.


15.4.4 Selección de solicitantes

O órgano de contratación, unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes, seleccionará os que deban pasar á seguinte fase, aos que invitará, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións.

O número de candidatos invitados a presentar proposicións deberá ser igual, polo menos, ao mínimo que, no seu caso, se fixase previamente. Cando o número de candidatos que cumpran os criterios de selección sexa inferior a ese número mínimo, o órgano de contratación poderá continuar o procedemento cos que reúnan as condicións esixidas, sen que poida invitarse a empresarios que non solicitaran participar neste, ou a candidatos que non posúan esas condicións.

15.4.5 Contido das invitacións e información aos invitados a participar

As invitacións conterán unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data límite para a recepción de ofertas, o enderezo ao que deben enviarse e a lingua en que deban enviarse e a lingua en que deben estar redactadas, os criterios de adxudicación do contrato que se terán en conta e a súa



ponderación relativa, o no seu caso, a orde decrecente de importancia atribuído a estes, se non figurasen no anuncio de licitación, e o lugar, día e hora de apertura de proposicións.

A invitación aos candidatos incluírá un exemplar dos pregos e a copia da documentación complementaria, ou conterá as indicacións pertinentes para permitir o acceso a estes documentos, cando os mesmos se poñan directamente a súa disposición por medios electrónicos, informáticos e telemáticos conforme ao disposto no número seguinte das presentes instrucións.

Os órganos de contratación ou os servizos competentes deberán facilitar, antes dos seis días anteriores á data límite fixada para a recepción das ofertas, á información suplementaria sobre os pregos ou sobre a documentación complementaria que lles solicite coa debida antelación polos candidatos.

Será de aplicación neste procedemento o previsto no artigo 158.3 do TRLCSP.

15.4.6 Proposicións e adxudicación

O prazo para a presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a data de envío da invitación.

O prazo indicado poderá reducirse no caso de declaración de urxencia a dez días.

Poderase aplicar un prazo de presentación de dez días naqueles supostos nos que se poida xustificar tecnicamente que o indicado prazo é suficiente atendida a complexidade do contrato.

Na adxudicación do contrato será de aplicación o previsto no número 15.2.12 das presentes instrucións.

15.5 Procedemento negociado

15.5.1 Caracterización

No procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou con varios deles.

O procedemento negociado será obxecto de publicidade previa nos casos previstos no artigo 177 do TRLCSP, nos que será posible a presentación de ofertas en concorrencia por calquera empresario interesado. Nos restantes supostos, non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concorrencia mediante o cumprimento do previsto no artigo 178 do TRLCSP.

15.5.2 Supostos xerais de aplicación

Os contratos que celebre o poder adxudicador poderán adxudicarse mediante procedemento negociado nos mesmos casos que os establecidos no artigo 170 TRLCSP.



15.5.3 Supostos específicos

Ademais de nos casos previstos no número anterior, os contratos de obras poderán adxudicarse por procedemento negociado nos supostos enumerados no artigo 171 do TRLCSP, os contratos de xestión de servizos públicos nos supostos enumerados no artigo 172 TRLCSP, os contratos de subministración nos casos previstos no artigo 173 TRLCSP, os contratos de servizos nos supostos previstos no artigo 174 LCSP. Os restantes contratos do poder adxudicador poderán ser adxudicados por procedemento negociado, nos casos previstos no artigo 170 e ademais, cando o seu valor estimado sexa inferior a 100.000 euros.

15.5.4 Delimitación da materia obxecto de negociación

No prego de condicións determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, haxan de ser obxecto de negociación coas empresas.

15.5.5 Anuncio de licitación e presentación de solicitudes de participación

Cando se acuda ao procedemento negociado por concorrer as circunstancias previstas nas letras a) e b) do artigo 170 do TRLCSP, na letra a) do artigo 171 do TRLCSP, ou na letra a) do artigo 174 do TRLCSP, o órgano de contratación deberá publicar un anuncio de licitación no perfil de contratante.

Poderá prescindirse da publicación do anuncio cando se acuda ao procedemento negociado por presentarse ofertas irregulares ou inaceptables nos procedementos antecedentes, sempre que na negociación se inclúen todos os licitadores que no procedemento aberto ou restrinxido, ou no procedemento de diálogo competitivo seguido con anterioridade presentasen ofertas conformes cos requisitos formais esixidos, e só eles.


Igualmente, nos contratos que poidan adxudicarse por procedemento negociado por ser a súa contía interior á indicada nos artigos 171 letra d), 172 letra b), 173 letra f), 174 letra e) e 175 do TRLCSP, deberá publicarse un anuncio de licitación no perfil do contratante cando o seu valor estimado sexa superior a 50.000 euros.

Serán de aplicación ao procedemento negociado, nos casos en que se proceda á publicación de anuncios de licitación, as normas contidas no número 15.2.5 das presentes Instrucións. Non obstante, en caso de que se decida limitar o número de empresas as que se invitará a negociar, deberá terse en conta o sinalado no apartado primeiro do número seguinte.

15.5.6 Negociación dos termos do contrato

No procedemento negociado será necesario solicitar ofertas, polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

O órgano de contratación poderá articular o procedemento negociado en fases sucesivas, co fin de reducir progresivamente o número de ofertas a negociar.



mediante a aplicación dos criterios de adxudicación sinalados no anuncio de licitación ou no prego de condicións, indicándose nestes se vai facer uso desta facultade. O número de solucións que se cheguen ata a fase final deberá ser o suficientemente amplo como para garantir unha competencia efectiva, sempre que se presentaran un número suficiente de solucións ou de candidatos axeitados.

Durante a negociación, o órgano de contratación, ou persoa na quen delegue, velará porque todos os licitadores reciban igual trato. En particular non facilitarán, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto.

O órgano de contratación negociará cos licitadores as ofertas que estes presentaran para adaptalas aos requisitos indicados nos pregos de cláusulas administrativas particulares e no anuncio de licitación, no seu caso, e nos posibles documentos complementarios, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.

No expediente deberá rexeitarse constancia dos convites cursados, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

O órgano de contratación poderá designar un negociador ou comisión negociadora para levar a cabo as actuacións contempladas nos apartados anteriores.

15.6 Diálogo competitivo

15.6.1 Remisión ás regras do TRLCSP

Será aplicable aos procedementos de diálogo competitivo o disposto nos artigos 179 a 183 do TRLCSP.

15.7 Normas especiais aplicables aos concursos de proxectos


Será aplicable aos concursos de proxectos o disposto nos artigos 184 a 188 do TRLCSP.

15.8 Racionalización técnica da contratación

15.8.1 Sistemas para a racionalización da contratación

Para racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos o poder adxudicador poderá concluír acordos marco, articular sistemas dinámicos, ou centralizar a contratación de obras, servizos ou subministracións en servizos especializados.

Os sistemas para a racionalización da contratación deberán axustarse ás disposicións do Título II do Libro III da TRLCSP para a adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada.



15.8.2 Acordos marco

Será aplicable a regulación establecida nos artigos 196 e seguintes do TRLCSP.

15.8.3 Sistemas dinámicos de contratación

Será aplicable a regulación establecida nos artigos 199 e seguintes do TRLCSP.

15.8.4 Centrais de contratación

O poder adxudicador poderá adherirse aos sistemas de contratación centralizada establecidos polas Administracións Públicas a través da conclusión do correspondente acordo na forma prevista no TRLCSP.

16 TRAMITACIÓN URGENTE DOS CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

Se a celebración do contrato é necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público e o órgano de contratación declara urgente a súa tramitación, motivándoo debidamente na documentación preparatoria, será de aplicación o previsto na cláusula 15.2.6 sobre redución de prazos.

17 FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

Será aplicable o indicado na cláusula 15.2.16.


18 EXECUCIÓN DOS CONTRATOS

Os contratos celebrados pola Fundación en canto aos seus efectos e extinción rexeranse polo dereito privado.

O órgano de contratación reservárase expresamente nos pregos, ou cando estes nos sexan necesarios, no contrato, a facultade de modificalos por razóns de interese público así como dalos por resoltos, de acordo co establecido nas presentes Instrucións. No procedemento que se siga para a adopción do acordo relativo á modificación do contrato ou ó exercicio da facultade de resolución deberá darse audiencia ao contratista.

18.1 Execución defectuosa e demora

1.- Nos pregos de condicións xerais de cada licitación ou no documento contractual poderase introducir e prever penalidades para o suposto de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do



contrato. Estas penalidades serán proporcionadas á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá superar o 10 por cento do orzamento contractual.

2.- O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

3.- A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Fundación.

4.- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, tivese incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Fundación poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

5.- O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, se considere necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

6.- Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.


7.- A Fundación terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se tivese previsto no prego de cláusulas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.

8.- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, tivese incumplido a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Fundación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, se determinen no prego de cláusulas particulares.

9.- As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato si se tivese designado, que será inmediatamente executivo, e se farán efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se tivese constituído, cando non podan deducirse das mencionadas certificacións.

18.2 Resolución por demora e prórroga dos contratos .

1.- Si a Fundación optase pola resolución esta deberá acordarse polo órgano de contratación.



2.- Si o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos dándolle prórroga do tempo que se lle tiña sinalado, se concederá pola Fundación un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, agás que o contratista pedise outro menor.

18.3 Indemnización de danos e perdas

1.- Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

2.- A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

18.4 Principio de risco e ventura.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

18.5 Pagamento do prezo

1.- O contratista terá dereito ao abono da prestación realizada nos termos establecidos no contrato, con arranxo ao prezo convindo.

2.- O pagamento do prezo poderá facerse de maneira total ou parcial, mediante abonos a conta ou, no caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pagamento en cada un dos vencementos que se estipulasen.

3.- O contratista terá tamén dereito a percibir abonos a conta polo importe das operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto do mesmo, nas condicións sinaladas nos respectivos pregos, debéndose asegurar os referidos pagamentos mediante a prestación de garantía.

4.- A Fundación terá a obriga de aboar o prezo dentro do prazo ordinario dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do establecido no artigo 222 do TRLCSP e, si se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días, os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificacións de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pago equivalente se preste a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercadorías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase dende dita data de recepción ou prestación.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior o seu contido aplicaráse nos termos sinalados na disposición transitoria sexta do TRLCSP.



18.6 Modificación dos contratos.

De conformidade co disposto no artigo 20 do TRLCSP, serán de aplicación as normas contidas no Título V do Libro I sobre modificación dos contratos.

19 EXTINCIÓN DOS CONTRATOS

Os contratos extinguíranse por cumprimento ou por resolución.

19.1 Cumprimento dos contratos.

1.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Fundación, a totalidade da prestación.


2.- En todo caso, a súa constatación esixirá por parte da Fundación un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de condicións xerais por razón das súas características.

3.- Nos contratos fixarase un prazo de garantía contado da data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte da Fundación, agás os supostos en que se estableza outro prazo legal, quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Exceptúanse do prazo de garantía aqueles contratos en que pola súa natureza ou características non resulte necesario, o que deberá xustificarse debidamente no expediente de contratación, consignándoo expresamente no prego.

19.2 Resolución dos contratos

Son causas de resolución dos contratos, ademais das especificadas nos pregos e das contidas no TRLCSP para cada tipo de contrato, as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 219.3.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Fundación e o contratista.
- d) A non formalización do contrato en prazo.
- e) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista, e o incumprimento do prazo sinalado en caso de contratación por procedemento de urxencia.



- f) O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato.
- g) As establecidas expresamente no contrato.

20 CESIÓN DOS CONTRATOS E SUBCONTRATACIÓN

20.1 Cesión dos contratos

Os pregos establecerán que os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro, sempre que as calidade técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato, aplicándose os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

20.2 Subcontratación.

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, agás que o contrato ou os pregos dispoñan o contrario ou que pola súa natureza e condicións e deduza que aquel ten que ser executado directamente polo adxudicatario. A celebración dos subcontratos someterase nos pregos ao cumprimento dos requisitos e réxime indicados no artigo 227 do TRLCSP.


CAPITULO V.- NORMAS ESPECIAIS PARA CONTRATOS DE OBRAS, CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA, XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS, SUBMINISTRACIÓNS, SERVIZOS E DE COLABORACIÓN ENTRE O SECTOR PÚBLICO E O SECTOR PRIVADO.

21 Normas especiais

21.1 Contratos de Obras

Réxime aplicable ao contrato de obras

Nos pregos dos contratos de obras estableceranse regras análogas ás indicadas no TRLCSP en canto a: a comprobación do reformulo (229 TRLCSP); execución das obras e responsabilidade do contratista (230 TRLCSP); certificacións e abonos a conta (232 TRLCSP), sen prexuízo da posibilidade de establecer o sistema de retribución a tanto alzado aplicando o réxime do artigo 233 do TRLCSP; modificación do contrato de obras (234 TRLCSP), sendo competente o órgano de contratación para acordar o establecido no número 4 do precepto; recepción e prazo de garantía (235 TRLCSP) ; responsabilidade por vicios ocultos (236 TRLCSP); causas de resolución e efectos (237, 238 e 239 do TRLCSP).



21.2 Contrato de Concesión de Obra Pública

Réxime aplicable ao contrato de concesión de obras:

Nos pregos dos contratos de concesión de obras procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas no TRLCSP nos artigos 240 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas no artigo 249, que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve o poder adxudicador nos pregos e contrato.

21.3 Contrato de Xestión de Servizos

Réxime aplicable ao contrato de xestión de servizos:

Nos pregos dos contratos de xestión de servizos procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas no TRLCSP nos artigos 276 e seguintes, salvo o referido aos poderes de policía e ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas, que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve o poder adxudicador nos pregos e contrato.

21.4 Contrato de Subministración

Réxime aplicable ao contrato de subministración:

Nos pregos dos contratos de subministración procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas no TRLCSP nos artigos 290 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas, que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve o poder adxudicador nos pregos e contrato.


21.5 Contrato de Servizos

Réxime aplicable ao contrato de servizos:

Nos pregos dos contratos de servizos procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas no TRLCSP nos artigos 301 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas, que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve o poder adxudicador nos pregos e contrato.

En particular, estableceranse un réxime contractual e cláusulas de salvagarda tendentes a evitar que a extinción dos contratos de servizos se produza a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante.

A autorización excepcional de contratos de servizos por un prazo de vixencia superior a catro anos prevista no artigo 303.1 do TRLCSP pode ser acordada polo órgano de contratación.



21.6 Contratos de colaboración entre o sector público e sector privado

Réxime aplicable ao contrato de colaboración entre o sector público e sector privado:

Estarase para a celebración destes contratos ao disposto nos artigos 313 e 314 do TRLCSP.

